

# RESUMO DE CONTIDOS



## Índice

2. Todo o que sei.....	2
2.1 A orixe do universo.....	2
2.2 O sistema solar.....	2
2.3 Un pouco de xeografía.....	2
2.4 O coidado do medio.....	2
3. Medre a curiosidade!.....	3
3.1 A investigación e a iniciativa científica.....	3
3.2 O poder da túa voz.....	3
3.3 Ciberseguridade.....	4
3.4 Propiedade intelectual.....	4
3.5. Unha longa viaxe.....	5
3.7 A vida na Terra.....	5
Atribución dos recursos incorporados ao documento.....	5


## 2. Todo o que sei

Persoeiros como Stephen Hawking, Hipatia de Alexandría e Nicolás Copérnico xa viaxaron fai moitos anos para descubrir como funciona o universo.

### 2.1 A orixe do universo

A teoría do Big Bang explica como comezou o universo. Todo o que existe, coma planetas e estrelas, comezou como un pequeno punto moi quente hai uns 14.000 millóns de anos. Este punto expandiuse rapidamente, coma un globo. Non foi unha explosión, senón un crecemento veloz. Despois, o universo arrefriouse e as primeiras partículas agrúpanse, formando átomos. Estes xuntáronse para crear estrelas, galaxias e planetas, como o teu. O máis emocionante é que o universo segue expandíndose, pero non sabemos ata cando!

### 2.2 O sistema solar



#### Copérnico dávos a benvida

Boas! Chámome Copérnico .

Desenvolvín a idea de que non era a Terra o centro do universo, como se pensaba na miña época, senón que o Sol estaba no centro e a Terra e os demais planetas viraban ao redor del. Isto coñécese como o modelo heliocéntrico.

### 2.3 Un pouco de xeografía



#### Hipatia de Alexandría dávos a benvida

Boas! O meu nome é Hipatia de Alexandría e fun unha gran astrónoma que vivín hai moito tempo en Exipto.

Nesa época, as persoas non sabían tanto sobre o espazo como o sabemos hoxe, pero eu era moi curiosa e estudei moito sobre as estrelas, os planetas e o ceo.

Unha das cousas que fixen foi ensinar a outros sobre a astronomía.

Usaba un instrumento chamado "astrolabio" para estudar as estrelas e os movementos dos planetas.

### 2.4 O coidado do medio



#### Greta Thunberg dávos a benvida

Boas! O meu nome é Greta Thunberg e son unha moza activista de Suecia que loita polo coidado do medio ambiente.

Nacín no 2003 e son famosa pola miña loita contra o cambio climático, un problema moi serio que está a afectar ao mundo enteiro.

### 3. Medre a curiosidade!

Aprenderás a usar ferramentas para medrar como investigador ou investigadora e a comunicarte de forma efectiva. E todo isto, á vez que navegas pola rede, sen riscos, é dicir, de forma segura. Non tes xa curiosidade? Adiante!

Medre a voz! Medre o coñecemento!

#### 3.1 A investigación e a iniciativa científica

##### Sabes o que é unha investigación científica?

A investigación científica axuda a comprender os sucesos e os fenómenos mediante a observación, a investigación e a busca de solucións. É como ser un detective que busca respostas. ¿Non si?

#### 3.2 O poder da túa voz


##### A expresión oral



A expresión oral, falar, é unha habilidade única das persoas. Permite comunicar ideas e intencións de forma clara e efectiva, e incluso expresar emocións. É fundamental! Aprendemos a desenvolvela na escola. A continuación, presentaremos técnicas para lograr unha expresión oral efectiva na vida diaria.

##### Glosario

Marte



**Definición**  

É o cuarto planeta do sistema solar, coñecido polo "planeta encarnado" pola súa cor vermella que lle provén do ferro da súa superficie.

**Ejemplo**  

Na superficie de Marte pódense atopar moitos volcáns.

Mercurio


Xúpiter

Un glosario axuda a recordar palabras novas e atopalas rapidamente. É normal atopar palabras descoñecidas ao ler. Cando iso sucede, solemos buscar o seu significado nun dicionario ou en internet. Como hai moitas palabras, pode ser difícil recordalas todas, por iso é importante usar un glosario.

### 3.3 Ciberseguridade

Primeiro, debes fixarte na dirección web (URL) da páxina que visitas. Así como as casas teñen unha dirección postal única, as páxinas web tamén a teñen. Pica na barra de busca para ver a URL e asegúrate de que comece por HTTPS (por exemplo, <https://www.uvigo.gal/es>). Isto indica que a páxina é segura e os teus datos están protexidos. Se non, DESCONFÍA; non é segura.

#### Uso correcto dos motores de busca



Os motores de busca son ferramentas que permiten atopar información en Internet de forma rápida e concisa. Teñen forma de caixa onde podes escribir a túa busca. Son imprescindibles para navegar no vasto mar de información dispoñible, xa que axudan a atopar información relevante de maneira eficiente.

#### Hai cibercarrachos!



Os cibercarrachos son os ciberdelincuentes, son ciberestafadores. É dicir, persoas que se dedican a roubar na rede.

Que rouban? Os nosos datos, as nosas direccións de correo, os nosos números de teléfono e outros datos de interese. Tamén fan unha lista das páxinas que nos gusta visitar.

Despois empregan eses datos para estafarnos, vendernos produtos ou facer negocio ilegal.

### 3.4 Propiedade intelectual

As persoas crean produtos, cancións, libros, ideas, cadros, etc., a través de investigacións e inventos. Para protexer estas novas ideas, existe a propiedade intelectual, que son leis que salvagardan creacións como ideas, obras de narrativa, logotipos e símbolos, dividíndose en varios tipos de propiedades.

#### É importante recoñecer e protexer as novas ideas?

Rotundamente si. Cando as persoas crean inventos beneficiosos para todos e todas, é necesario protexer esas ideas para evitar usos inadecuados. Ademais, cada vez que se usen, debe nomearse a persoa ou empresa creadora, xa que non se pode apropiarse sen permiso. A protección tamén anima a outras persoas ou empresas a crear máis recursos para a sociedade.

### 3.5. Unha longa viaxe

Xa nos contaba o benquerido Hawking que a orixe do universo foi bastante explosiva. Copérnico puxo os corpos celestes no seu lugar, e Hipatia tivo momentos estelares, como os seus cálculos e inventos incríveis.

### 3.7 A vida na Terra

A vida na Terra é posible grazas a varios factores clave:

- A distancia da Terra ao Sol
- A atmosfera que nos protexe da radiación solar
- A presenza de auga en diferentes estados, elementos químicos básicos e un campo magnético.

Estes factores, xunto co desenvolvemento de ecosistemas que reciclan materia e enerxía, crearon as condicións necesarias para que a vida floreza no planeta.

## Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 2: [Pikist. Astronauta](#) (CC0)

Páxina 3: Autoría descoñecida. [Nicolás Copérnico](#) (CC0)

Páxina 3: [Rafaello Santi. Hipatia de Alexadria](#) (Dominio público)

Páxina 4: [Cholérine Derlinoseau. Greta Thunberg](#) (CC BY-SA 4.0)

Páxina 4: [Pikist. Rapaz berrando a un micrófono](#) (Dominio público)

Páxina 5: Elaboración propia proxecto cREAgal (CC BY NC SA)

Páxina 5: Pictogramas Arasaac. [Ciberestafador](#) (CC BY-NC-SA)

Os símbolos pictográficos utilizados son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para [ARASAAC](http://www.arasaac.org) (<http://www.arasaac.org>), que os distribúe baixo [Licenza Creative Commons BY-NC-SA](#).



“Resumo de contidos: O noso lugar no mundo”, do proxecto *cREAgal*, publícase con [Licenza Creative Commons Reconocimiento No-comercial Compartir igual 4.0](#)